

Bases pra úa valorización sociollingüística en Asturias. El Navia-Eo¹

BENXAMÍN MÉNDEZ & FREDO DE CARBEXE

INTRODUCCIÓN

El planteamiento que ten detrás lo que desiguado s'amostra é qu'as llinguas locales poden xugar un papel nos procesos de "desarrollo" ou medría, entendidos éstos dende úa visión integradora dos aspectos culturales, sociales y, tamén, económicos.

Sin qu'haxa abondos referentes sobre el papel da llingua nos procesos de medría, tentamos d'explorar este campo dende úa realidá sociollingüística concreta que podera ser ensayo d'un camín pra seguir dentro d'Asturias.

El obxeto d'investigación que se resume neste artículo respondía, primeiramente, al propósito d'alcanzar un miyor conocemento da percepción que da Fala se ten na comarca Navia-Eo. Pra ello tomóuse como empezo úa cuestión fundamental: a utilización que se fai da Fala en medios informales ¿é aplicable a os medios formales, induciendo con ello un proceso de diferenciación productiva nel llabor económico, al tempo que de desarrollo social y cultural a escala local?

A partir d'ese conocemento, tratábase de taliar as posibilidades d'incorporar el uso da Fala ás actividades administrativas, económicas y culturales, y proponer acciós dirixidas al fomento

¹ Este artículo é un resume del proyeuto titulao *Valorización da Fala del Navia-Eo* feito nel ano 1998 con úa axuda a estudios y trabayos da Conseyería de Cultura del Principao d'Asturias. Aquel proyeuto, más as ampliacións y miyoras amecidas al llargo dos anos 1999 y 2000, é obxeto d'un llibro baxo el título *Evaluación sociollingüística y propuestas pra úa acción en Asturias. Valorización da Fala del Navia-Eo*, que cuntamos que vexa a lluz d'aquí a pouco.

del uso da Fala al través das conceyalías de cultura dos Conceyos, dos empresarios (del turismo, además dos medios de comunicación y das agroindustrias), y das asociacióis culturais das terras del Navia-Eo².

Nos tempos actuales a comarca del Navia-Eo cunta con úa Fala que s'encontra inda vixente entre un grupo muitín mayoritario da súa población³. Partindo d'ese uso habitual, apostamos polla promoción d'esa Fala como úa ferramenta prá medría. Con ello traspasamos a súa consideración como un elemento patrimonial, y entendémosla tamén como un recurso socioeconómico nun proceso de medría integrada.

Metodolóxicamente, pártese da consideración de que certos procesos de medría económica, como os que se tán producindo nel Occidente asturiano (basaos en iniciativas turísticas, en produccióis agrarias de calidá, nos productos da terra en definitiva), nun botan mao dos recursos culturales nos qu'a llingua propia é úa peza clave.

Neste sintido, fruto del aplicacióm de métodos d'análisis y evaluación pral desarrollo llocal, plantéase, con carácter xeneral, qu'el "uso formal"⁴ d'úa llingua propia pode chegar a ser un factor de medría sempre que:

* S'identifiquen as relacióis esistentes entre a llingua y as principales actividades de carácter socioeconómico.

* Se conoza a visión y a postura qu'os axentes institucionales, económicos y sociales tein da llingua como valor cultural, como ferramenta de comunicación y como elemento de medría (imaxe singular).

* S'evalúe estratéxicamente, a partir del conocemento anterior, a predisposición d'estos axentes como promotores de posibles actuacióis de promoción llingüística.

* Pra ello, tense que chegar a un planteamento compartido pollos ciudadanos sobre qué se quer fer prá valorización da llingua propia.

² El ámbito del Navia-Eo pañaría os decioito conceyos comprendidos, na totalidá ou en parte, nel dominio del gallego-asturiano: A Veiga, Ayan-de, Bual, Castripol, Cuaña, Eilao, El Franco, Grandas de Salime, Ibias, Pezós, Samartín d'Ozcos, Santalla d'Ozcos, San Tiso d'Abres, Tapia, Taramunde, Vilanova d'Ozcos y Villayón. Este ámbito acoye úa población d'us cuarenta y cinco mil habitantes.

³ Afirmación derivada da vivencia personal dos autores y confirmada al través das encuestas y entrevistas feitas, inda partindo d'úa reconocida situación de "diglosia".

⁴ Entendemos aquí por "uso formal" el que vei más alló da súa espresión oral, cause sólo entre familiares, vecíos y amigos, qu'é el que se fai hoi, pra pasar a usalla por escrito, en distintos ámbitos (educativos, administrativos, sociales, empresariales...) y medios d'información (prensa, radio y televisión, cartelería y señalizacióis, publicidá...).

* Se diseñen actuacións nas qu'os produtos, actividades y servicios conteñan as denominacións locais como seña de diferenciación y de recoñecemento da súa procedencia territorial (imaxe de marca).

* Se executen programas d'acción dentro d'estratexas de futuro nas qu'interveñan d'acordo os distintos axentes implicaos (administracións, empresarios, asociacións y os cidadanos en xeneral).

PLANTEAMENTOS PRA ÚA VALORIZACIÓN SOCIOLLINGÜÍSTICA

A posta en valor da llingua na estratexa de medría

El eixe llingua-sociedade-economía

A valorización ou posta en valor das llinguas propias ten cabida nas concepcións novedosas dos procesos de medría que se tán dando nas sociedades desenvolvidas⁵. Nellas, a medría é máis o resultado dos aspectos sociais que as compoñen que d'acumular máis actividade económica. O conxunto de relacións de produción, sociais, culturais e políticas que s'atoupan en cada lugar tán na raíz da economía local; este feito amosa a relación estreita qu'hai entre mercado, cultura e políticas locais⁶.

Neste contexto socioeconómico de relacións complexas, enténdese como un eixe o composto por llingua-sociedade-economía. As relacións entre os elementos d'este eixe son d'ida e volta, nun *feed-back* nel qu'os elementos do eixe (lingua, sociedade e economía) trábanse e concretáanse nunha cultura do traballo e nunha sociedade local.

Asina, unha trabazón positiva llingua-sociedade facilita as relacións na escala local, o reforzo da autoestima e o axuste da xente col seu territorio. Porque unha llingua é un elemento inseparable dos rasgos, temperamento, carácter, etc., propios d'una colectividade, isto é, da súa idiosincrasia.

Del mesmo xeito, a relación llingua-economía axuda nun sentido á potenciación d'una valía cultural; e noutro, axuda á diferenciación de produtos, a garrar máis valor amecido e a ter vantaxes comparativas nun mercado global.

⁵ Véxase Méndez, B. e Carbexé, F. de: "Desarrollo local y Fala". *Estudios das Terras del Navia-Eo*, Secretaría Lingüística del Navia-Eo, Academia de la Llingua Asturiana, Uviéu, 1998.

⁶ Por economía local e política local entendemos as que son d'escala municipal, e tamén, aquelas supramunicipales, comarcales ou rexionales de base local; e ello porque unha economía globalizada fai falta manexar políticas coordinadas das distintas escalas para súa viabilidade.

Vén sendo reconecido qu'el comportamento da xente que vive nun territorio ten moito que ver coas decisións de tipo económico que se coyen, y d'ei pode xurdir úa modalidade de medría estremada pra cada territorio concreto. A concreción das relacións llingua-sociedade-economía nos procesos de medría, dependerá, entoncias, del llabor que se faiga nesa sociedade en torno al coñecemento en xeneral das súas valías y cómo ser quén a fellas del sou proveto.

En tanto qu'a medría supón un xeito d'axugar con un mesmo fin os aspectos sociais, culturais y económicos que compoñen a economía y a sociedade locais, garra sentido a coñecencia das relacións que se traban entre el quefer económico y a cultura local. Este feito supón qu'os elementos culturais locais, xunto al sou papel social, son quén a ter mao del quefer económico.

É, pos, importante el xeito nel qu'el quefer económico y a cultura local parecen axugaos nel territorio, requirindo el coñecemento das relacións entre estos queferes un estudio que vaya máis aló das simples relacións entre produción y xente, entre custos y recursos. É importante, entoncias, caer na idea da relación que desigualdo xurde entre el quefer económico y os valores locais; entre quefer económico y cultura local.

Enténdese que pral coñecemento das valías culturais, sociais y productivas del territorio resulta obrigaio el coñecemento das relacións que se dan entre os axentes políticos, económicos y sociais, asina como as súas consideracións respecto da realidade cultural d'este territorio.

A llingua como factor de medría local

Como parte da idiosincrasia local, úa llingua propia que sía tida en estima pola sociedade local pode chegar a ser un elemento qu'axude nos procesos de medría, aportando el rixo prá dinamización social y cultural d'un territorio, al tempo que sirvindo pra diferenciar certos feitos de tipo económico que precisan de certas señas d'identidá propias.

En primeiro llugar, úa orixinalidá llingüística, idiosincrasia en definitiva, pode servir de pé pra iniciativas culturais centradas nel sou coñecemento y na súa difusión por fora del territorio nel qu'esa llingua funciona. Asina, úa llingua propia con úa personalidá ben marcada é, ou pode ser, úa chamada prá xente que quira coñecella máis a fondo y dafeito. Llingua y territorio axúntanse núa relación estreita, na qu'a primeira contén a faceta de difusión, y el segundo é el referente al qu'aquella fai alusión.

Pro se a llingua é un factor de medría en si mesma, élo tamén por razóns de máis alcance como son as orixinalidades y recursos vinculaos col territorio nel qu'úa llingua funciona. Dalgú-

as d'estas diferencias vein del paisaxe, outras das tradicións, del hestoria, da cultura, ou da propia xente. Neste sentido, a llingua propia pode xugar un papel destaco na creación de marcas qu'estremen el territorio nel qu'un produto ta feito ou un servicio é dao.

Tamén convén recordar que, nel aspecto social da medría, a cooperación entre axentes económicos, sociais y políticos é clave, debendo chegar esta cooperación ás empresas, tanto ás de produtos como ás de servicios. Por eso, a llingua propia (que s'aprende na casa, que s'oi fallalla a os da casa, a os amigos dende neno, a os vecíos...) facilita el entendemento entre os axentes socioeconómicos y os cidadanos en xeneral, potenciando a cooperación entre ellos.

Esa cooperación necesaria prá medría enmárcase en ámbitos locais, nos qu'úa llingua propia axuda a fixar el sentimento de pertencencia da xente a ese territorio. Y ese sentimento de pertencencia resulta ser un feito que s'entende como fundamental nos procesos de "desarrollo local", pos el sentir dalgo como d'ún resulta obrigaio pra sacar pra delante cualquier proxeyto de medría integrada.

Úa situación favorable en Asturias

El aplicacón del dito hasta agora é posible nel caso asturiano unde ten peso a llingua propia. Úa serie de feitos de vario carácter que se dan nos momentos actuales poin a llingua propia núa situación alxeito pra fer d'ella un elemento destaco na cultura local, al tempo qu'un instrumento pral axuda na posta en marcha de diferentes iniciativas de medría.

Feitos tales como as comenencias que vén garrando a vida na ciudá, ou el feito de qu'os mercaos se vayan fendo más abertos y entren en xogo más países, axudan a fer volver os oyos pra os territorios rurales. Por outro llao, rexístrase nestos tempos úa tendencia entre grupos importantes de xente a "tar de volta" de certas ideas respeito da vida urbana en xeneral, aspirando a disfrutar das ventaxas que pras condicións de vida amostra el medio rural. Ideas d'esta naturaleza fain de base pra grupos ecoloxistas, al tempo que xente orixinaria del territorio rural plantea a volta, anque sí por un tempo, á súa terra d'orixe.

Tamén por razóns económicas fondas, como poden ser as xurdidas da chegada a os mercaos de produtos más baratos, feitos llonxe y a mui pouco costo, son úa oportunidade pral uso da llingua en denominacións de calidá, imaxe que faga compañía a us precios altos correspondentes con esa valía amecida.

Razóns pra fer pensar asina poden ser a recente medría de todo el que resulta diferente (diferenciacións territoriales), el ser quén a relacionarse con más facilidá nos territorios locales

(comunicacións electrónicas), el empezo d'úa reconocencia da llingua propia como valor patrimonial (llexislación llingüística autonómica), as axudas económicas de dalgús conceyos y da Administración autonómica (promoción cultural a escala local), al tempo que se rexistran más asociacións que s'esmolan pol sou territorio y a súa cultura.

Un método pra planificación estratéxica

El modelo que s'ensayou y qu'acó se propón é el resultao del aplicación dos conceptos y dos métodos que fundamentan el "desarrollo local" sobre un aspecto social y cultural concreto. Os pasos d'este método son en resumo: hipótesis, recoyida y análisis da información, diagnóstico y evaluación estratéxica, y propostas d'actuación.

Análisis sociolingüístico

Partindo del concepto de medría local, qu'abarca as dimensións social, cultural y económica, a evaluación baséase, sobre todo, nos datos empíricos y núa serie de conclusións obtidas a partir d'encuestas y d'entrevistas.

Os grupos d'entidades escoyidos pra encuestar foron os Conceyos, empresas (de servicios, medios de comunicación y agroalimentarias), y asociacións culturales. A recoyida d'información organízase d'acordo a grandes bloques temáticos: identificación da entidade, uso da llingua pola entidade, valoración global da llingua pral territorio nel que se fala, as posible llinias d'axuda pra utilización da llingua pola entidade encuestada, asina como as previsións das entidades pra acometer proxectos vinculaos coa utilización da llingua propia.

Á información tida a partir dos cuestionarios, amécese aquela recoyida a partir das entrevistas personalizadas, de carácter cualitativo y que complementa al anterior, nel sentido de recabar puntos de vista singulares, ideas novedosas, dalgún proxecto anovador, a implicación personal en favor da llingua propia, a predisposición a favor del fomento del uso da llingua propia nos medios "formales" de comunicación, el grao de compromiso personal coa llingua y coa súa valoración, entre outras.

A fase d'análisis ten como resultao a mostra da información al través d'un informe da situación sociolóxica respecto al uso da Fala por parte das entidades consideradas y de personas relevantes, informe acompañado d'un tratamento analítico da información y d'un tratamento estadístico dos resultados das fases d'encuesta y d'entrevista.

Diagnóstico y evaluación estratéxica

El diagnóstico contempla a definición d'un escenario d'actuación nel que se definen as claves ou variables qu'orixinan a situación sociollingüística obtida a partir da fase d'análisis. Pra ello, establécense claves de carácter estrutural, con úa dimensión a medio y llargo prazo, y claves de carácter coxuntural, con úa dimensión de prazo curtio.

As claves estruturales, como se dixo con dimensión temporal más llarga, deixan determinar os aspectos positivos ou valías; y tamén os aspectos negativos ou fraquezas que s'atoupan na situación analizada. As claves coxunturales, con menos alcance nel tempo, déixannos taliar os peligros que vein sobre esa realidá, amás das posibilidades d'actuación ou oportunidades de futuro que presenta el entorno sociollingüístico analizado.

Propostas d'actuación

A evaluación estratéxica válenos pra fixar as llinias d'acción dirixidas a correxir as situacións perxudiciales, al tempo que se reforzan as situacións positivas que presentan posibilidades na aplicación d'iniciativas, y d'intervencións concretadas en actuacións que llevar a cabo nel futuro.

A proposta d'actuación contén aquelas actuacións xenéricas que, d'acordo a os resultados obtidos na fase d'análisis y diagnóstico, amóstranse capaces a incidir na dinámica sociollingüística analizada y diagnosticada. Pra úa mayor claridá y detalle, as propostas recóyense en fichas, contendo enunciación explicativa da acción que llevar a cabo, os axentes concernidos, os destinatarios, os ámbitos concretos d'aplicación, úa estimación presupostaria, asina como posibles fontes de financiación.

As accións concretas acompañanse, nel proxecto qu'acó se resume, d'úas notas de xestión, atendendo a criterios d'aplicación na súa execución, os entes responsables d'impulsallas, a priorización das actuacións, asina como certas observacións pra llevallas a cabo.

APLICACIÓN AL NAVIA-EO: ANÁLISIS Y DEFINICIÓN D'ÚA ESTRATEXA

Análisis sociollingüístico⁷

El uso informal da Fala nos Conceyos

Os Conceyos encuestaos del Navia-Eo son institucións nas qu'el uso del gallego-asturiano resulta habitual, en mayor medida nas relacións de carácter informal, y con certas reticencias

⁷ Recóyese acó únicamente el resultado resumido das encuestas y non el das entrevistas.

nel uso formal ou oficial d'este rexistro. Anque conocido por todos ellos, as corporacións amosan un interese máis forte nas actividades nas que xa se veu utilizando nos últimos anos, sobre todo nas relacións informales, anque se pensa qu'ese uso pode resultar beneficioso prá Comarca.

As respostas dos Conceyos poden sintetizarse nestos puntos:

*El uso da Fala polos conceyos ta restrinxido ás relacións informales, encuadrándose sobre todo nas relacións de cadaldía nas qu'os interlocutores son os propios veciños del conceyo, nas mesmas sesións das corporacións, na atención al público y nas actividades culturais promovidas pol propio conceyo. Sin embargo, el uso del rexistro gallego-asturiano resulta menos utilizado conde se traslada al uso oficial ou formal.

*A imaxe qu'el uso da Fala pode traer pra os conceyos considérase beneficiosa por parte dos responsables das corporacións locais que foron encuestados, en especial nas relacións coa poboación local. Este beneficio tense por certo sobre todo nas relacións cos veciños, nas relacións de trabayo entre el personal das corporacións y demás trabayadores del Conceyo, y cos veciños de conceyos limítrofes que conocen a Fala; tamén se valora como beneficioso el uso da Fala con quen, vindo de llonxe, é conecedor da mesma.

*Pol contrario, atopáronse certas reticencias pral uso escrito en actividades formales da administración local. A imaxe que podera ofrecer el conceyo mediante a utilización del gallego-asturiano nas rotulacións das dependencias del Conceyo, ou nas comunicacións escritas propias dos llabores administrativos, é vista con indiferencia por parte dos responsables municipales encuestados.

*El uso xeneral da Fala nel ámbito del Navia-Eo é ben visto por parte dos responsables dos Conceyos, anque en diferente medida d'acordo al tipo d'uso máis ou menos formal que se ye pretenda dar. Neste sentido, nas encuestas amóstrase, respecto a este uso, úa consideración positiva prá comarca, sobre todo nas relacións da vida diaria, asina como nas actividades relacionadas coas festas, al través de carteles y anuncios festivos en gallego-asturiano. Inda, con valoracións cercanas á totalidá, ten búa consideración por parte dos responsables encuestados el uso da Fala en actividades publicitarias, asina como nos medios de comunicación de radio y televisión, xunta a feitura de certas actividades formativas nas escolas.

*Valoracións inda positivas sobre el uso del gallego-asturiano na comarca son tamén as relativas ás representacións teatrales, á toponimia tanto na sinalización como nas publicacións,

xunta as obras literarias en xeneral, en grabacións musicais e na prensa escrita. Resulta chamado qu'a valoración dada á posibilidade de recurrir ao gallego-asturiano para "actos públicos" súa tida, tamén, como positiva; feito que pon de manifesto a contraposición entre a valoración e o que realmente se fai por parte dos concellos.

*Atopáronse reticencias ante o uso do gallego-asturiano en bandas e comunicacións oficiais, en impresos bilingües, ou en actividades oficiais en xeneral, onde aumentan as respostas d'indiferencia. Mas convén poñer á luz un dato: en ningúnha encuesta, e en ningúnha das respostas dadas neste capítulo, houbo consideracións negativas respecto ao uso do gallego-asturiano nos casos planteados.

*Foron positivas as respostas no sentido de qu'a Fala pode axudar a reforzar os vínculos da xente coa terra, a manter os vínculos coa comarca dos orixinais que viven ou traballan fóra d'ella, coñecer mellor e valorar a cultura propia, a distinguir a riqueza natural da comarca (nomes de lugares, sitios d'interés, plantas e animais...), a mellorar a autoestima da poboación local, a mellorar o entendemento entre as xeracións e favorecer as relacións entre a xente (nos negocios, na defensa d'intereses comúns...).

*As actuacións dos concellos para o fomento da Fala veron centrándose, hasta o momento da encuesta, principalmente en sinalizacións de carreteras e elementos etnográficos en gallego-asturiano, na edición de libros, en sesións de estudo ou en programas de radio. Estas actuacións, subvencionadas pola entón Conxería de Cultura do Principado d'Asturias, dan corpo ás principais previsións de futuro dos concellos para a promoción da Fala, aínda que tamén hai iniciativas no sentido d'apoyar outras actuacións, como as que se recollen no punto seguinte.

*Rexistróuse interese das corporacións locais en poder contar con subvencións e apoio formativo e técnico para fomentar o uso da Fala nos seus concellos en actividades como celebracións escolares, representacións teatrais, publicación de libros, revistas ou periódicos, estudos etnográficos, e investigacións e proxectos que incorporen a Fala como un aspecto importante. É tamén apreciable o interese en aproveitar posibles subvencións ou apoio técnico para a emisión de programas de radio na Fala, a edición de música tradicional, a edición de materiais de difusión (escritos ou audiovisuais), a realización de xornadas, seminarios, encontros e sesións de estudo, ou de convocatorias de concursos e certames literarios, e rotulacións ou sinalización, tanto topónima como de elementos etnográficos e culturais.

A Fala, úa valía patrimonial pras asociacióis

As asociacióis culturais del Navia-Eo⁸ encuestadas amostraron úa especial atención pol cuidado y promoción del patrimonio cultural y natural local, con úa visión positiva del uso del gallego-asturiano nas súas actividades, asina como en xeneral na comarca, feito que s'espeya núa serie de variadas actividades de carácter cultural.

As respostas das asociacióis poden sintetizarse nestos puntos:

*As asociacióis culturais encuestadas tein úa forte vinculación al territorio nel que s'encontra a súa sede social, cuntando entre as súas finalidades as de "conservar y revalorizar el patrimonio cultural", "promocionar a cultura local" ou "axuntar esforzos y iniciativas de personas y institucióis interesadas na promoción, conservación y recuperación del patrimonio histórico, cultural y turístico...". Son tamén representativas aquelas asociacióis, con finalidades xa máis concretas, que dan asenso á conservación y promoción del patrimonio artístico asturiano, al través da recopilación de música tradicional y a súa divulgación, a investigación sobre instrumentos musicales, y a promoción del canto y a danza.

*El dar axuda a certos colectivos sociales encóntrase entre as finalidades de dalgúas d'estas asociacióis, colectivos entre os que destacan el de mueres y el dos rapaces. Con este fin, dalgúas das asociacióis miran de "promocionar y contribuir á formación da muer", asina como de "contribuir á integración dos rapaces na vida social da localidá", finalidades que, se ben nun son exclusivas, destacan por concentrar úa búa parte dos esforzos y actividades que llevan a cabo os asociaos.

*Avezan as asociaciones a llevar a cabo actividades de difusión cultural, recurriendo pra ello a editar y distribuir diversas publicacióis, concretadas en coleccións de narrativa, poesía, asina como traballos d'investigación sobre os aspectos culturais dos ámbitos máis achegaos. Xunta esto, certas asociacióis llevan a cabo labores de difusión cultural al través dos medios de comunicación d'ámbito comarcal, recurriendo á emisión de programas de radio con cabida pra os aspectos culturais que garran en cada momento máis actualidá.

*Mención aparte merecen entre as asociacióis del Navia-Eo, por ser el obxecto d'investigación del presente trabayo, aquelas que cuntan entre as súas finalidades, de xeito específico y

⁸ A comarca del Navia-Eo asiste na actualidá al aparición d'un peteiro d'asociacióis que tuvo lugar nun periodo de tempo máis ben pequeno. Na década dos anos noventa créanse cuase todas as asociacióis encuestadas, arrincando el proceso de creación a finales dos anos oitenta.

con úa atención preferente por parte dos asociaos, a conservación y promoción da Fala propia del Navia-Eo. Estas asociacióis llevan a cabo, entre outras actividades, as d'edición y distribución de publicacióis, tendo contidos que garran como centro d'atención a realidá achegada, atendendo en especial medida a os aspectos culturais, y con un rexistro d'espresión correspondente al gallego-asturiano del Navia-Eo.

*As asociacióis culturais encuestadas resultan ser bus foros prá utilización da fala popular del Navia-Eo como medio de comunicación habitual nel desarrollo das súas actividades. É utilizada nas asociacióis como rexistro habitual prá conversación por parte dos sous integrantes, en sesióis internas de trabayo, asina como nas comunicacióis dirixidas a os asociaos. Igualmente, el uso da Fala ten llugar, con certa frecuencia, nas relacióis establecidas coa población local, tanto coa qu'é da comarca como a de fora d'ella, condo esas personas amostran ter coñecemento da Fala d'esta Comarca.

*Nas asociacióis prodúcese úa utilización habitual del rexistro gallego-asturiano nas relacióis de proximidá, caracterizadas por ser informales y por tratarse d'interlocutores cos qu'hai certa confianza. El rexistro gallego-asturiano perde frecuencia na súa utilización na medida en qu'esa utilización sía escrita y con alcance al público en xeneral. A este rexistro concédeseye inda menos uso condo esa comunicación veí dirixida al ámbito de dalgúa das institucióis administrativas, tanto locais como autonómicas.

*Os responsables das asociacióis consideran beneficiosa prá proyeución da súa imaxe nel entorno social en que se desenvollen a utilización da Fala. Cuase todos os representantes manifiestan sacar beneficio del uso del gallego-asturiano nas relacióis col resto d'asociaos, asina como cos vecíos da comarca y con quen, en xeneral, manifiesta ter capacidá d'espresión nese rexistro. Pral imaxe da asociación, manifiestan os encuestaos, nun representaría úa modificación importante a incorporación del gallego-asturiano nos escritos que promoven, así como na edición de membretes, logos ou rótulos.

*Rexistróuse nas asociacióis interés en recibir axudas ou apoyos de diverso tipo pral desarrollo d'actividades encamiadas á promoción da Fala propia al través da súa utilización, por exemplo, en rótulos, comunicacióis, anuncios y folletos, asina como en mensaxes nos medios audiovisuales, entre outros. Del mesmo xeito, as axudas de carácter formativo considéranse adecuadas pral uso correuto del gallego-asturiano nos escritos.

*Otras solicitudes d'apoyo apuntaron a necesidá de dispoñer d'axudas de carácter orientativo, asesoramento, además del respaldo en cuartos al través de subvencióis, prá feitura, edi-

ción y distribución d'estudios sobre a realidá llingüística local. Además, outro tipo de subvencióis son as solicitadas pr'actividades festivas. Pro singular interés maniféstase en poder cun-
tar con calces que permitan ferse con úa formación específica en gallego-asturiano pr'aquellos
interesaos nel sou coñecemento y nel sou uso.

*Resulta positiva a consideración que fain da Fala prá comarca, citándose como demandas el
sou uso na denominación de certos elementos culturais y toponímicos, en certos ámbitos de re-
lación y en dalgús medios de relación social, xunta ás actividades de carácter oficial, en graba-
cióis musicales, representacióis teatrales y obras lliterarias, asina como na realización de pro-
gramas de radio y de televisión⁹. Fainse tamén valoracióis positivas respeito á feitura de certas
actividades escolares que tomen como centro d'atención el coñecemento da Fala y á edición de
carteles y anuncios festivos, y á publicación d'artículos en gallego-asturiano na prensa escrita.

*É visto como beneficioso el uso da Fala prá medría de carácter social da comarca, miyo-
rando el entendemento y el trato entre as diferentes xeneracióis, mantendo el vínculo cos ori-
xinarios que trabayan ou viven fora d'ella, y axudando a valorar a cultura propia, al mesmo
tempo que reforzando el autoestima da población local. Consideraron tamén, anque en dalgo
menor medida, qu'a normalización y uso da Fala contribuiría a integrar a xente que reside du-
rante un tempo na comarca, amás de favorecer as relaciones entre as personas en conto al re-
forzo das relacións de carácter profesional y tamén social.

*Hasta agora, as asociacióis recurriron pouco a subvencióis específicas pra llevar a cabo as
actividades que yes son habituales, como as destinadas á promoción da música tradicional, a
convocar premios lliterarios y editar llibros y carteles en gallego-asturiano. Así y todo, os en-
cuestaos amostan un interés considerable ante a posibilidá de ferse con dalgún tipo de sub-
vención relacionada coa conservación y valoración del patrimonio, mencionándose como pro-
yectos subvencionables os estudos relativos a tradicións orales, contos, crencias ou llegendas; re-
lativos á promoción del folclore local, sobre danza, indumentaria, instrumentos musicales,
cantos tradicionales; ou ben investigacións sobre patrimonio edificado, espacios públicos de re-
lación social, xogos populares, produccióis tradicionales recuperables, artesanía, etc. Resulta
tamén reseñable el interés amostrao en recibir axudas pra fer proxectos de carácter producti-
vo, mediante a posta en valor de produccióis tradicionales, pratos típicos de cocía, a adecua-

⁹ As televisións d'ámbito comarcal serían, según a encuesta, un bon calce de promoción da Fala incluíndo nas súas programacións apartaos de-
dicados á Fala del Navia-Eo.

ción d'espacios colectivos pra relación social, pra promoción de lugares d'interés ou pra diseño de rutas de carácter turístico.

As dudas sobre el uso da Fala nel quefer empresarial

A tenor dos resultaos da encuesta feita, é xeneral el coñecemento da Fala por parte dos empresarios de servicios, agroalimentarios y medios de comunicación, como parece lóxico se se ten en conta a vitalidá da Fala na comarca y tamén a estreta vinculación dos empresarios coa mesma, posto que cuase todos son nacidos nel Navia-Eo y é ei unde llevan a cabo a súa actividá empresarial.

As respostas dos empresarios¹⁰ pódense resumir nestos puntos seguintes:

*El caso é que todos conocen a Fala y fálanla cuase todos en familia y cos vecíos, pro tense a menos al hora d'apricalla á súa actividá empresarial. Convén ter en conta que búa parte d'estos empresarios tán radicaos dentro da comarca, en conceyos que coinciden, en abondas ocasións, col sou conceyo de nacemento.

*Nel que ten que ver col trato con outros empresarios, el número dos que dicen nun usar nunca a Fala chega cuase al metá. Tamén son poucos os empresarios que dicen utilizalla "habitualmente" na empresa, el que pudiera interpretarse como úa traslación da "autoridá" que representa el castellano como llingua dominante.

*Nas empresas, el uso da Fala parece vir condicionao pol tipo de clientela¹¹ á que se dirixen os servicios ou productos. Pocos empresarios tratan cos clientes habitualmente nel rexistro gallego-asturiano, aunque cuase el metá respondéu fello ás veces.

*El uso empresarial ta condicionao a bon seguro porque apenas el metá ten llido na Fala dalgúa vez y, entre as encuestas analizadas, namás dous dos empresarios teinla escrito dalgúa vez. Neste sintido, poucos citan textos concretos, outros falan das revistas que se publican na comarca y dalgús fain namás referencias xenéricas a artículos de prensa.

¹⁰ D'acordo coa mostra que se pretendía ter, un bon número das empresas que contestaron á encuesta tán dedicadas a úa actividá abondo nova na Comarca como é el turismo; búa parte son de turismo rural (baxo a denominación "casas d'aldea") y tamén responderon dalgús campamentos de turismo y outras empresas d'hosteleiría. Dentro del resto de llaborías que puideran ter que ver col uso da Fala, contestaron dalgús agroindustrias asína como úa d'artesanía.

¹¹ Dalgús d'estas empresas tien os clientes nel propio conceyo nel que tán radicadas, ou nos conceyos limítrofes; outras venden ou sirven a xente da Comarca. Muias cuntan con clientes del resto d'Asturias ou de Madrid y Barcelona; nun faltan referencias al País Vasco ou a provincias gallegas (Lugo, por razóns de proximidá, ou A Coruña).

*En todo caso, son más os empresarios que consideran beneficioso pral imaxe da empresa el uso da Fala, qu'os que pensan que yes perxudica y, sin embargo, aspecto distinto é a incorporación da Fala nas denominacións de productos ou de servicios, asina como na publicidade da empresa. Apenas a cuarta parte d'ellos diz incorporalla ás veces y sólo ún de cada dez lo fai a miudo ou sempre; cuase as tres cuartas partes dos empresarios contabilizaos aseguran nun usar nunca a Fala na publicidade, y úa proporción aparecida representan os empresarios que nunca incorporan a Fala a os sus productos ou servicios¹².

*El beneficio empresarial pudiera vir dao, pra úa parte curiosa dos encuestaos, por axudar a asociar os sous productos con materias primas locais de calidá, a vincular esos productos coa comarca Navia-Eo y a estremallos frente a outros industriales. Hai, pos, certo acordo, nel uso da Fala, al hora de miyorar el atractivo dos sous productos y servicios, y tamén al hora d'ofrecer úa imaxe xeneral de calidá diferenciada.

*El interés manifestao pras axudas ou apoyos prá aplicación da Fala na actividá empresarial foi alto. Sin embargo, foron poucos os qu'anotaron actuacións concretas y inmediatas relativas a aplicación da Fala nas denominacións de productos ou servicios, aparte das suxeridas na propia encuesta, tales como fer edición da súa publicidade, ou pr'actividades previas de formación en gallego-asturiano.

*A indecisión y a falta d'iniciativa nel uso empresarial da Fala contrapóinse, sin embargo, con úa valoración búa prá comarca, que vén a coincidir coa feita pollas asociacións y os Conceyos en aspectos como conocer miyor y valorar a cultura propia, manter os vínculos cos orixinarios, reforzar el apego da xente coa terra ou miyorar el autoestima da población local, botando mao del uso da Fala nos medios de comunicación (radio y televisión locais) ou en actos culturais.

Atópanse, pos, contradiccións entre a consideración beneficiosa del uso da Fala prá Comarca, y as dudas nel que afeuta ás súas empresas. Esto amóstrase, por exemplo, entre outros aspectos preguntaos, en que nun se ven abondo claras as ventaxas del uso da Fala nas etiquetas de productos de calidá y con procedencia comarcal, ún dos principios da medría rural en Europa; inda hai un camín por andar, nel qu'outros territorios rurales nos aventaxan.

¹² Os más dos empresarios ofrecen productos tradicionales y usan en abondos casos materias primas da Comarca; tamén é chamadeiro que sólo a cuarta parte das empresas de turismo rural incorpora a Fala nos sous productos ou servicios, a pesar de denominarse casas d'aldea.

Evaluación estratéxica

Como se dixo, despós de feito el análisis a partir das encuestas que foron dirixidas a os Conceyos, ás asociacións culturais e ás empresas con máis potencialidade d'aplicación da Fala, eválúanse estratéxicamente os resultados d'acordo ás claves estruturales (valías e fraquezas) e claves coxunturales (perigos e oportunidades).

Valías

*Uso habitual da Fala con carácter "informal", tanto polos Conceyos como polas asociacións e os empresarios, que vén a coincidir col uso por cuase toda a poboación del Navia-Eo.

*Valoración positiva del uso xeneral da Fala prá comarca del Navia-Eo por parte dos tres axentes encuestados.

*El uso da Fala polos distintos axentes nas súas actividades é valorado en grao diferente anque con unha tendencia positiva. A mellor valoración faíña as asociacións culturais, seguida dos Conceyos, e tando as dúbidas máis grandes entre os empresarios.

*Un número importante d'asociacións de carácter cultural, con unha forte vinculación entre as asociacións e el entorno máis achegado, que afecta a un bon número de xente asociada e nas que é apreciable el interese pola realidade lingüística local.

*Un número tamén curioso d'empresas con capacidade de difusión da Fala coa súa actividade habitual, al través da oferta de produtos e servizos locais.

Fraquezas

*Uso moi escaso da Fala nas relacións "formales" por parte dos Conceyos e os empresarios, e algo máis frecuente nas asociacións.

*Escaso aproveitamento nos últimos anos das axudas autonómicas en relación al uso e promoción da Fala dirixidas a os axentes encuestados.

*Falta d'accións formativas en materia lingüística para os axentes encuestados.

*Pouca participación dos Conceyos e das asociacións culturais, e cuase nula dos empresarios nos labores d'aproveitamento e de promoción da Fala.

*Escasas previsións de futuro na utilización e nel fomento del gallego-asturiano por parte dos Conceyos.

*Peso y funcionalidad inda escasos dos organismos y entidades d'ámbito autonómico con responsabilidades en materia sociollingüística.

Peligros

*Falta d'úa referencia positiva nel uso del gallego-asturiano con carácter "formal", faltando un "efecto demostración" como el que se llograría al través del uso da Fala nas Corporacións Locales, nos medios de comunicación falaos y escritos ou nas empresas, entre outros.

*Pérdida d'úa parte del patrimonio cultural y histórico polla alteración da terminoloxía llingüística local, espeyada na toponimia inadecuada y na introducción de denominacións ayías en investigacións, en traballos de divulgación, nos medios de comunicación, etc.

*Acoyida de modelos llingüísticos vecíos, con escasa representatividade nel Navia-Eo. A adopción inadecuada de modelos llingüísticos ayíos pudiera deformar as características da Fala y dos feitos morfolóxicos que ye son propios, dentro d'un proceso de "sincretismo" cultural.

*Limitación da atención á Fala a os aspectos supérfluos, de carácter namás decorativo, con tendencia a fer da Fala un refugayo, poñéndola "fora de tempo", con demasiao peso del pasao nel sou uso, y sin rixo pra encarar el futuro.

*Pérdida da oportunidade d'aprovetar os efectos sinérxicos prá Fala y prá actividá empresarial al través da diferenciación de produtos y servicios, como factor clave qu'é esta diferenciación nos procesos de medría local.

Oportunidades

*Programación d'úa oferta formativa en gallego-asturiano promovida polla Administración autonómica y na que participen todos os axentes socioeconómicos, que faiga posible el oportunidade seguinte.

*Utilización "formal" del gallego-asturiano por parte dos Conceyos y demás axentes socioeconómicos del Navia-Eo.

*Apricación da Llei d'Uso y Promoción del Asturiano nas Administracións, establecendo novas axudas y reforzando as que veín convocándose nos últimos anos.

*Consolidación da Secretaría Llingüística del Navia-Eo como referente dos axentes locales na Administración autonómica dentro d'un proceso de promoción coordinada del gallego-asturiano, y mecanismo prá definición y promoción del modelo normativo del gallego-asturiano.

*Aplicación del gallego-asturiano á señalización toponímica nel Navia-Eo, d'acordo ás denominacións locais, como acción exemplar prá poboación local, qu'amostraría que nun ten por qué ser outra lingua a dominante condo hai un rexistro propio. El ser úa iniciativa pública puda empuxar outras iniciativas d'outros axentes na mesma liña de valorizar a Fala.

Proposta estratéxica

Partindo dos resultados obtidos das fases d'análisis y d'evaluación estratéxica, asina como da consideración das orientacións obtidas das entrevistas, y del experiencia y tamén da opinión personal, el equipo de trabayo considera qu'el actual situación respecto al uso del gallego-asturiano por parte dos axentes políticos, económicos y sociales más representativos pide un planteamiento estratéxico orientao a llograr úa verdadeira integración da Fala local coas principais actividades administrativas, empresariales y asociativas neste territorio del occidente asturiano.

Por esto, proponse úa estratexa operativa pra llograr a valorización da Fala del Navia-Eo. Esta estratexa conta con úa serie de pezas básicas, de distinto grao de concreción, que conforman a estratexa global d'actuación. Neste sentido, de menos a más grao de concreción, distinguimos na estratexa xeneral: as claves estratéxicas, as medidas d'acción, asina como un programa d'actuacións.

Claves: cooperación, formación y reforzo institucional

As claves estratéxicas son os planteamientos básicos que dan llugar á estratexa d'intervención. Neste caso, a realidade amosa tres feitos básicos prá conciencia y a intervención estratéxica: a cooperación cos axentes locais, a formación en gallego-asturiano, asina como el reforzo institucional.

A cooperación cos axentes locais é úa peza clave prá promoción del gallego-asturiano en tanto que son éstos os apoyos más fortes cos que pode contar cualquier estratexa pra poñer a andar cualquier proceso de promoción y uso del gallego-asturiano. Neste sentido, os Conceyos, as asociacións culturais y os empresarios del occidente asturiano son os pés sobre os qu'abordar a promoción llingüística nas terras del Navia-Eo.

El diseño d'úa formación en gallego-asturiano, hasta agora insuficiente, supón el medio pra difundir úa referencia escrita que se bota de falta prá Fala del Navia-Eo. A abultada vitalidad del gallego-asturiano en conto al sou uso oral nun se corresponde coa vitalidad nel uso escrito, más

inda, este último é úa realidá inda froxa. Faise necesaria a consolidación y difusión d'un modelo adaptao á realidá llingüística del occidente asturiano.

El reforzo institucional nel ámbito autonómico prá promoción del gallego-asturiano faise del todo necesario nus momentos nos que se bota en falta un interlocutor qu'abarque as terras del Navia-Eo en materia llingüística, y que ben pudiera ser a Secretaría Llingüística del Navia-Eo, encuadrada dentro del Academia da Llingua Asturiana, al tempo dependente da Consejería d'Educación y Cultura del Principao d'Asturias. A existencia d'úa entidá como a Secretaría, pro más dotada d'infraestructura y equipo téunico, pudiera aferse na entidá quén a poñer norte al proceso d'uso y promoción del gallego-asturiano.

Mididas y actuacióis pra un programa d'acción

As mididas d'acción son pezas estratéxicas, xa más concretas qu'as claves estratéxicas, que s'integran nellas y qu'axudan a concretar toda a intervención prevista. El proyeuto contén dentro de cada úa das claves estratéxicas úa serie de mididas d'acción específicas, como se recoye nel cuadro resume del programa que se propón. A proposta contén, dentro da lóxica de planificación y organizadas por mididas, aquellas actuacióis que, d'acordo a os resultaos obtidos na fase d'análisis y diagnóstico, considéranse que son quén a incidir na dinámica sociolingüística del Navia-Eo¹³.

¹³ Pra facilitar a execución da proposta, as actuacióis desarrolláronse nel proyeuto orixinal en fichas, contendo enunciado esplicativo da acción que llevar a cabo, os axentes concernidos, os destinatarios, os ámbitos concretos d'aplicación, úa estimación presupostaria axustada, asina como as fontes de financiación.

CLAVES	MIDIDAS	ACTUACIÓIS
Cooperación con axentes locais	Difusión d'apoyos ás Corporacións	Información ás corporacións locais sobre axudas dispoñibles
		Encontro autonómico de concellos con iniciativas lingüísticas
	Difusión d'apoyos ás empresas	Información ás empresas del Navia-Eo sobre axudas dispoñibles
		Exposición-Encontro d'iniciativas empresariais con denominacións locais
	Difusión d'apoyos ás asociacións culturais	Información ás asociacións culturais sobre axudas dispoñibles
		Xornadas de promoción de linguas vernáculos
Formación en gallego-asturiano	Formación teórica	Curso de documentación bibliográfica
		Curso de gallego-asturiano pra maestros
		Curso de gallego-asturiano pra personal de administración
		Curso “A Fala y el entorno”
	Aplicación práctica da Fala	Taller d'uso da Fala pra poboación
		Taller d'uso escrito da Fala pra empresarios
		Taller d'uso escrito da Fala pras asociacións
		Taller d'uso escrito da Fala pra personal da administración local
	Promoción del patrimonio lingüístico local	Campaña de sensibilización sobre a valía patrimonial da Fala
		Coñecemento d'experiencias aías

CLAVES	MIDIDAS	ACTUACIÓIS
Reforzo institucional	Reforzo da Secretaría Llingüística del Navia-Eo	Apoyo presupostario pral reforzo da Secretaría Llingüística del Navia-Eo
		Apoyo prá edición y difusión de materiais
		Amaño d'un local relacionao coa promoción da Fala
	Apricación da Lei d'uso y promoción del Asturiano	Dotación de materiais pral uso escrito da Fala en documentos oficiais
		Especificación d'úa dotación prá señalización na Fala
		Estudio prá fixación da toponimia del Navia-Eo
	Achegamento da Administración a os axentes locais	Accióis d'información sobre axudas prá promoción da Fala y da cultura local
		Apoyo presupostario a os servicios relacionaos coa enseñanza llingüística.

Conclusi3is

El Programa quer empezar acci3is positivas pra poñer en valor a Fala del Navia-Eo. El Programa, como muitas das acci3is, pretende el efeuto demostraci3n.   un Programa pra empezar a valorizaci3n da Fala; por eso, debera poñerse a andar conto antias y, por eso tam n,   un Programa de pouca duraci3n que debera ter continuid  con outros que poderan salir dos resultaos d'este primeiro. El conxunto d'actuaci3is programadas deberan llevarse a cabo nel prazo de dous anos.

A execuci3n da proposta xa concretada nel proxecto qu'ac3 se resume y das que deberan xurdir, ter a que llevarse a cabo baxo planteamentos de cooperaci3n entre os axentes concernidos y entre estos y as entidades impulsoras da valorizaci3n.

Pra implicar a os axentes hai que llograr que se vexan os beneficios d'esa valorizaci3n en todos os aspectos a os que afeuta: culturales, sociales, pol ticos, territoriales y econ3micos. Adem s de que se tome conciencia da val a da llingua propia como fautor de medr a, fai falta apurrir a os falantes as ferramentas que yes axuden a formalizar esa realid  socioling stica. A val a del Programa d'acci3n requere siguiendo pollos axentes implicaos y  a evaluaci3n dende  a prespeutiua integrada. Nel Navia-Eo d nse as condici3is pra ensayar un programa de valorizaci3n da llingua propia;   un desaf o y un paso nun cam n m s llargo y complexo de promoci3n da llingua en aras d' a medr a integrada d'Asturias.